

OS INTÉRPRETES

Nuno Aroso

Profesor, investigador e solista de percusión cunha intensa actividade concertística, Nuno Aroso (Oporto, 1978) estreou máis de 120 obras para percusión soa e música de cámara e gravou parte deste repertorio en numerosas edicións discográficas (Wergo Naxos, Groove Scooter Records, Modernsix, Clean Feed, Cavalli Records, Baskaru, Monochrome Vision, entre outras). Asimesmo, ten actuado en escenarios de toda Europa, África, Asia e América.

Especialmente motivado polo enriquecemento e a renovación da forma de concerto como espectáculo completo e multidisciplinar, desenvolve con frecuencia relacións artísticas con outras disciplinas (danza, cine, teatro, literatura, etc).

Graduouse na ESMAE de Oporto coa máxima calificación e ampliou estudos en Estrasburgo y París. É doutor pola Universidade Católica Portuguesa.

Imparte clases nas Universidades de Minho e Aveiro e na Escola Superior de Música de Extremadura – Musikex, ademais doutras actividades docentes en prestixiosas universidades europeas, asiáticas e americanas.

Nuno toca con instrumentos Adams, Zildjian e baquetas Elite Mallets.

Clamat - colectivo variable

Clamat - colectivo variable dedícase á nova música para percusión. Entende o concerto como un acto poético, único e irrepetible. Ademais da promoción da creación musical dedicada ó grupo, a colaboración artística transdisciplinar forma parte da liña de identidade deste proxecto.

Clamat - colectivo variable, está dirixido por Nuno Aroso e reúne a algúns dos novos percusionistas portugueses con máis talento.

IX CICLO DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA DE LUGO MIHL Sons-XXI



CONCERTO


VÍTREO - BAIXO O SIGNO DO VIDRO

20 de novembro de 2021

18:30 h.

Museo Interactivo da Historia de Lugo

vertixe
sonora 10
AÑOS



Facer da materia opaca a transparencia e da transparencia a cor e a forma.

Revelar o milenario e (todavía) fascinante proceso de creación do vidro é o propósito do concerto *Vítreo - baixo o signo do vidro*. Material poético, resistente e fráxil á vez, o vidro aseméllase, en certa medida, á propia percusión que, nas súas múltiples formas, ofrece unha multiplicidade de perspectivas visuais e auditivas, de usos e de funcións.

Neste programa, como un prisma pentagonal xiratorio sobre o que incide a luz, as cinco obras preséntanse nun continuo. Entre elas, as voces gravadas dos cinco compositores invitados anuncian as obras dos outros a través da transparencia e gradación da súa propia lente. Aparecen, así, como unha presenza máis aló dos intérpretes, como se estes non fosen no escenario o único vehículo da materia sonora.

PROGRAMA

Nuno Aroso

Clamat - colectivo variable: Vitória do Bem, Henrique Ramos, João Pedro Lourenço e Bernardo Rosado da Cruz percusión

Programa:

- **Inés Badalo** *Glass Landscapes** (2021) percusión soa
- **César Camarero** *33 maneras de mirar un vaso de agua* (2006) trío de percusión
- **Ángela Lopes** *Au-delà The blue - Pelo outono** (2021) percusión soa
- **Amanda Cole** *Cirrus*** (2004) trío de percusión
- **João Pedro Oliveira** *In the House of the Glass King* (2021) quinteto de percusión

* Estrea absoluta

** Estrea europea

AS OBRAS

Glass Landscapes

“Xarróns, pezas, cuncas, cancións...obxectos cotiáns que se converten en obxectos sonoros, xerando diferentes tons e gradacións. A partir dunha mestura de materiais, o vidro, xorden unha gran variedade de resonancias de distintos obxectos e modos de produción sonora, como choques, rozamentos ou golpes. Así, a obra explora unha paisaxe sonora de tons vítreos, transparentes e fráxiles, que se manifestan individualmente e se entrelazan nunha mestura que dá lugar a unha parede cristalina.

Sons que nos transportan a un universo tonal onírico, auga, pedras, canicas, paisaxes de cristal no imaxinario colectivo, memoria, recordos de xogos e reflexións cambiantes”. Inés Badalo

33 maneras de mirar un vaso de agua

Nesta peza plásmase o interese de César Camarero polo timbre, destacando a mestura de ritmos percusivos repetitivos coa resonancia dun vibráfono frotado.

“... un pintor xaponés da antigüidade pasou toda a súa vida pintando só un único tipo de peixe, sempre de distintos puntos de vista, na auga, fóra da auga, ó solpor, etc., cada vez coma se fose o primeiro en pintalo, coma se nunca o pintara antes”. César Camarero

Au-delà The blue - Pelo outono

Para bidón, “Tongue Drum” artesanal, testos, copa tibetana e espanta-espíritus, amplificación, reverberación e electroacústica

“Au-delà The blue - Pelo Outono é o resultado dun encargo do percusionista Nuno Aroso e forma parte do proxecto “Materis | Asperes”.

A obra parte dun material primario e tosco a partir do cal constrúese un mundo sonoro musical. Trátase dun "tambor" metálico ou o típico tambor de almacenamento de materiais fósiles ou outros, ó redor do cal xira todo. Desta materia non noble, este instrumento non musical, extráese unha nova vida. Utilizando recursos máis ou menos convencionais de prácticas de percusión, vibracións, sons percusivos, temblores, amplitudes, dinámicas, sons ásperos, sons casi-sinusoidales, fricción sonora, entre outros procesos, Au-delà The blue – Pelo outono gaña forma, estrutura e corpo sonoro.

A este mundo de diversidades, como nun teatro, superpóñense as voces. Tres voces, tres idiomas e un poema, "A un moribundo", de Florbela Espanca, recitado por voces pregravadas e tratadas en estudio. Á maneira das prácticas do século XIII, escóitanse simultaneamente dúas traducións, inglesa e francesa, ademais do poema en lingua materna. En perpetuum mobile as voces crean unha especie de escenario inmóvil, sempre igual, sempre diferente. O título é unha combinación de tres expresións nos tres idiomas da obra: francés, inglés e portugués.

Acto poético, Au-delà The blue - Para el outono, xoga entre o determinado e o incalculable. Unha interpretación única e irreplicable, que dependerá das circunstancias acústicas de cada espazo sonoro. É un proxecto desafiante para o oínte e para a compositora, situándoa en mundos únicos e singulares, obrigándola a repensar a creación musical.

En Au-delà The blue - Pelo outono hai varios participantes directos ou indirectos: Susana Camanho coa tradución do poema «A um moribundo» de Florbela Espanca ó inglés; Cândido Lima coa tradución do mesmo poema ó francés e coa interpretación ó piano da partitura tratada en estudio; Carolina Pinto, recitadora do poema en inglés; Daniela Lima, recitando o poema en francés; Ângela Lopes, compositora e recitadora do poema en portugués; Inês Tartaruga-Água y Gil Pais, coa donación dun instrumento musical, en primeiro caso, e coa fabricación e donación do "Tongue-drum", en segundo". Ângela Lopes

In the House of the Glass King

“Cando aceptei escribir esta peza para a 1ª Edición dos Días da Percussão de Portimão, semelláronme posibles moitas influencias a recuperar do meu pasado musical. Ademais do obxectivo específico de utilizar elementos rítmicos e harmónicos derivados da música tradicional portuguesa (concretamente o fandango, os pauliteiros, o corridinho), tamén encontrei na música rock da miña adolescencia outras influencias que se insertaron na peza. Estas influencias non son evidentes en ningún dos casos. Mistúranse polifónicamente para obter ritmos moi complexos a partir da superposición de elementos de todos estes xéneros. Aínda así, o resultado final, cos seus bucles de células rítmicas e a súa variada repetición, pretende facer unha sutil referencia a todos estes recordos que formaron e forman parte da miña vida como compositor”.

In the Court of the Crimson King

House of Rising Sun

In a **Glass House**

João Pedro Oliveira

OS COMPOSITORES

Inés Badalo (Olivença, 1989) estudou guitarra e composición no Conservatorio Superior de Música de Badaxoz e na Escola de Música de Lisboa con Luís Tinoco. Ao mesmo tempo, complementa a súa formación participando en clases maxistras dos compositores Franck Yeznikian, Christopher Bochmann e José Manuel López López.

Gañou certames nacionais e internacionais de composición como o Concurso Internacional de Composición "Manuel de Falla", Sociedade Portuguesa de Autores/Premio de Composición Antena 2, Premio Francisco Guerrero Marín - Jóvenes Compositores da Fundación SGAE/CNDM, Concurso Internacional de Composición FIDAPA Città Prize

di Udine, Premio Internacional de Composición Fernando Lopes-Graça, Convocatoria de Jóvenes Compositores del Ensemble Plural e Premio de Composición Musical do Colexio de España de París-INAEM.

Recibiu encargos do Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM), Sociedade Filharmónica de Badaxoz, Radio e Televisión de Portugal (RTP) - Antena 2, Movemento do Patrimonio da Música Portuguesa, Festival Ensems e Festival Mixtur, entre outros.

As súas obras foron estreadas por grupos como o Trío Arriaga, Ensemble Sonido Extremo, Neopercusión, Orquesta de Extremadura, Plural Ensemble, Orquesta Gulbenkian, Ensemble vocal Soli-Tutti, Ensemble Kuraia, Grupo de Música Contemporánea de Lisboa, Cuarteto Dalia, Sinoidal Ensemble e Grupo Enigma, entre outros, e dirixida e interpretada por Miguel Romea, Fabián Panisello, Jordi Francés, Denis Gautheyrie, Nuno Coelho, Xelo Giner, David Apellániz, Juanjo Guillem, en España, Portugal, Austria, Croacia, Italia, Reino Unido, Brasil, México, Xapón, Alemaña e Francia.

Participou en festivais como o Ciclo de Música Actual da Sociedade Filharmónica de Badaxoz, Festival Encuentros Sonoros, Fundación Juan March (Re)estreas, PHONA, Ciclo de Nove Músiques de Mallorca, Ciclo de Concertos de Música Contemporánea - Fundación BBVA, Festival Ensems (España), Festival de Música en Vivo, Síntese - Ciclo de Música Contemporánea da Guarda (Portugal), XVIII Congreso Mundial de Saxofóns (Croacia), Xornadas de Música Contemporánea de Mishima (Xapón), Contemporanea - Festival di Nuova Música (Italia) e Halleiner Gitarrenfestival (Austria).

www.inesbadalo.com

César Camarero (Madrid, 1962) trasladouse coa súa familia á cidade de Nova York en 1977, comezando alí os seus estudos musicais. Pouco despois, comezou a compoñer as súas primeiras obras de forma autodidacta.

En 1983 recibiu o premio do concurso internacional para Novos Compositores da Broadcast Music Inc. (unha das sociedades de autores dos Estados Unidos), pola súa obra *Metamorfosis* para dezaseis acordeóns e orquestra de cordas. En 1985 regresa a Madrid, onde estudou composición con Luis de Pablo e Francisco Guerrero. En 1989 o seu cuarteto de corda *El Silencio Va Más Deprisa Al Revés* foi seleccionado para o concurso de compositores novos da Fundación Gaudeamus (Amsterdam). A partir dese momento, as súas obras están presentes nun gran número de festivais internacionais e tempadas de concertos, principalmente en países europeos (Festival de Middelburg, Holanda, Festival Roma Europa, Música '900, Trento, Festival de Alacante, Auditorio Nacional de Madrid, WDR Colonia e Festival "Presences" de Radio France), interpretado por algunhas das mellores formacións especializadas como Xenakis Ensemble, Freon, Ensemble Musique Nouvelle, Plural Ensemble, Duo Contemporain, Gerhard Project, Trío Arbos, Nieuwe Ensemble, Nouvel e Ensemble Modern.

Obtivo encargos para o Centro de Disución da Música Contemporánea, o INAEM, a Orquesta e Coro Nacionales de España ou a Junta de Andalucía, entre outros. En 2006 recibiu o Premio Nacional de Música polo conxunto do seu traballo.

www.cesarcamarero.com

Ângela Lopes (Arada, 1972) licenciouse na ESMAE (Porto) en 2000 na clase de composición do profesor Cândido Lima. Tamén estudou con Virgílio Melo, con quen colaborou na produción electrónica de varios traballos e en MC47 -grupo de música mixta da ESMAE; con Filipe Pires e con Álvaro Salazar, compartindo con este último a edición do CD Dual. En 2004, comeza o seu doutoramento na Universidade de Aveiro, baixo a orientación e coorientación dos compositores João Pedro Oliveira e Mario Mary (Universidade de París VIII).

Participa habitualmente na realización técnica electroacústica de varias obras do compositor Cândido Lima como *Chantier-Melodias em Pedra* (2019), *Bagatela para marimba e electrónica-1770-2020* (Beethoven) (2020) e *Três Regalos-Nova versión* para saxofón e contralto (2020), entre outros. Colabora e/ou participa habitualmente nos Festivais Música Viva e DME/Electroacústica. Cabe destacar a súa colaboración na proxección electroacústica das obras musicais *Madonna of Winter and Spring*, de Jonathan Harvey, na Casa da Música, de Oporto (Live Music 2007) e *Mixtur* de Karlheinz Stockhausen, no Mosteiro dos Jerónimos, en Lisboa (Live Music 2008), ou a súa participación, en colaboración co compositor Cândido Lima, no proxecto *A paisagem sonora em que vivemos*, presentado durante a 55 edición do festival DME, en 2017.

Compón música mixta, electroacústica e multimedia para diversas formacións, sendo interpretada en concertos en Portugal e en países como Brasil, Corea do Sur, España ou Holanda, a cargo de recoñecidos intérpretes de música contemporánea. Tamén compón música para teatro. Ten varios traballos publicados en partituras, CD e/ou DVD. É membro da Fondazione Adkins Chiti (Italia), da Asociación Portuguesa de Compositores e da Sociedade Portuguesa de Autores (SPA).

Imparte clases obradoiro de análise, composición, acústica musical e música. Creou nos anos 2010 e 2014, respectivamente, as disciplinas de Tecnoloxías e Composición Musical e Obradoiro de Música, ámbalas homologadas polo Ministerio de Educación. Durante doce anos formou a dirección pedagóxica da Academia de Música de Santa María da Feira. Actualmente, é presidenta da Xunta Directiva da Academia de Música de Santa María da Feira.

<https://artenotempo.pt/angela-lobes/>

Amanda Cole é unha compositora de música instrumental e electrónica. As súas composicións presentan estruturas microtonais, harmónicos, ritmos de interferencia e fusións de timbres electrónicos e acústicos. Escribe o seu propio software interactivo e colabora con outros artistas para proxectos de novos medios de difusión sonora

Amanda ten unha licenciatura en música e un doutoramento en composición polo Conservatorio de Música de Sydney. Actualmente, é profesora de composición no Conservatorio de Música de Sydney e na Universidade de Sydney.

www.amandacolemusic.com

João Pedro Oliveira (Lisboa, 1959) é titular da cátedra de composición Corwin da Universidade de California en Santa Bárbara. Estudiu órgano, composición e arquitectura en Lisboa. Completou o seu doutoramento en música na Universidade de Stony Brook en Nova York.

A súa música inclúe obras orquestais, música de cámara, música electroacústica e vídeo experimental. Recibiu máis de 50 premios internacionais polas súas obras, incluídos tres premios no Concurso de Música Electroacústica de Bourges, así como os prestixiosos premios Magisterium e Giga-Hertz, o primeiro premio do concurso Metamorphoses e o primeiro premio do concurso Musica Nova.

Ten ensinado na Universidade de Aveiro e na Universidade Federal de Minas Gerais. Publicou varios artigos en revistas nacionais e internacionais e escribiu un libro sobre teoría analítica da música do século XX.

www.jpoliveira.com